1.1. Contexto económico xeral

A economía mundial rexistrou en 2015 unha desaceleración no seu crecemento ao rexistrar unha medra do 3,1%, tres décimas menos que no ano anterior, se ben esta evolución non afecta por igual aos diferentes países e áreas económicas. O conxunto das economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento presenta en 2015 unha taxa de variación interanual do 4%, fronte ao 4,6% do ano anterior, sendo esta porcentaxe do 6,6% no caso dos países emerxentes asiáticos (6,4% en 2014). Por contra, as estimacións do Fondo Monetario Internacional (FMI) reflicten que o incremento da actividade produtiva nas economías avanzadas situouse no 1,9%, unha décima superior á estimada no ano anterior. Asemade, o devandito organismo internacional alerta do aumento dos riscos dunha maior ralentización do crecemento económico mundial.

No que respecta á economía española, a taxa de crecemento interanual do PIB real en 2015 foi do 3,2%, sendo este dinamismo superior ao do conxunto da economía dos 28 países da UE (1,9%) e da zona euro (1,6%) segundo os datos publicados por Eurostat. A demanda interna volve a ser o motor de crecemento económico, cunha achega ao PIB agregado de 3,7 puntos, trasladándose o devandito dinamismo económico ao mercado laboral ao presentar, en termos cuantitativos, unha mellora da ocupación e unha redución do desemprego. Asemade, o IPC mantense constante no ano 2015 en relación ao nivel do ano anterior.

Panorama económico internacional

O PIB real da economía mundial ralentiza o seu crecemento no ano 2015 ao rexistrar unha taxa de variación interanual do 3,1%, tres décimas menos que no ano anterior. Segundo os datos do FMI, esta moderación ven influída por múltiples factores, tanto económicos como non económicos. Entre os primeiros cómpre mencionar, entre outros, a ralentización e reaxuste da economía china tendo en conta o seu tamaño, a súa apertura e as súas elevadas taxas de investimento; a caída dos prezos do petróleo; ou

Economía internacional 2012-16: evolución dos principais indicadores

	2012	2013	2014	2015	2016
Produto Interior Bruto real					
Economía mundial	3,5	3,3	3,4	3,1	3,2
Economías avanzadas	1,2	1,2	1,8	1,9	1,9
EE.UU.	2,2	1,5	2,4	2,4	2,4
Xapón	1,7	1,4	0,0	0,5	0,5
Zona Euro	-0,9	-0,3	0,9	1,6	1,5
Alemaña	0,6	0,4	1,6	1,5	1,5
Francia	0,2	0,7	0,2	1,1	1,1
Italia	-2,8	-1,7	-0,3	0,8	1,0
España	-2,6	-1,7	1,4	3,2	2,6
Países emerxentes e en desenvolvemento	5,3	4,9	4,6	4,0	4,1
China	7,7	7,7	7,3	6,9	6,5
India	5,6	6,6	7,2	7,3	7,5
Demanda interna real total					
Economías avanzadas	0,8	0,9	1,8	2,1	2,0
EE.UU.	2,1	1,2	2,5	3,0	2,8
Xapón	2,6	1,7	0,0	0,0	0,4
Zona Euro	-2,4	-0,7	0,9	1,8	1,7
Alemaña	-0,9	0,9	1,3	1,4	2,1
Francia	-0,3	0,7	0,6	1,4	1,3
Italia	-5,6	-2,6	-0,4	1,1	1,1
España	-4,7	-3,1	1,6	3,8	2,8
Gasto en consumo privado					
Economías avanzadas	0,9	1,2	1,7	2,2	2,1
EE.UU.	1,5	1,7	2,7	3,1	2,9
Xapón	2,3	1,7	-0,9	-1,3	0,3
Zona Euro	-1,2	-0,6	0,8	1,7	1,6
Alemaña	0,9	0,8	1,0	1,9	1,6
Francia	-0,2	0,4	0,6	1,4	1,5
Italia	-4,0	-2,4	0,6	0,9	1,0
España	-3,5	-3,1	1,2	3,1	3,0
Gasto en consumo público					
Economías avanzadas	0,2	-0,3	0,6	1,2	1,4
EE.UU.	-0,9	-2,5	-0,5	0,4	1,3
Xapón	1,7	1,9	0,1	1,1	1,2
Zona Euro	-0,2	0,2	0,8	1,3	1,1
Alemaña	1,3	0,8	1,7	2,4	2,5
Francia	1,6	1,7	1,5	1,6	0,9
Italia	-1,4	-0,3	-1,0	-0,7	0,8
España	-4,5	-2,8	0,0	2,7	0,6
Formación bruta de capital					
Economías avanzadas	2,3	0,9	2,8	2,5	2,5
EE.UU.	6,3	2,4	4,1	3,7	3,6
Xapón	3,4	2,5	1,3	-0,1	0,8
Zona Euro	-3,3	-2,6	1,3	2,7	2,6
Alemaña	0,1	-1,3	3,5	1,7	2,2
Francia	0,2	-0,6	-1,2	-0,2	1,1
Italia	-9,3	-6,6	-3,4	0,8	1,9
España	-7,1	-2,5	3,5	6,4	4,5

(consulta: 13-04-2016)

Fonte: Fondo Monetario Internacional, *World economic outlook*

1.1.1.a.

Economía internacional 2011-14: evolución dos principais indicadores (cont.)

	2012	2013	2014	2015	2016
IPC *(medias anuais)*					
Economías avanzadas	2,0	1,4	1,4	0,3	0,7
EE.UU.	2,1	1,5	1,6	0,1	0,8
Xapón	0,0	0,4	2,7	0,8	-0,2
Zona Euro	2,5	1,3	0,4	0,0	0,4
Alemaña	2,1	1,6	0,8	0,1	0,5
Francia	2,2	1,0	0,6	0,1	0,4
Italia	3,3	1,2	0,2	0,1	0,2
España	2,4	1,4	-0,1	-0,5	-0,4
Países emerxentes e en desenvolvemento					
China	2,6	2,6	2,0	1,4	1,8
India	9,9	9,4	5,9	4,9	5,3
Produtividade laboral (1)					
Economías avanzadas	0,1	0,6	1,5	0,4	1,0
EE.UU.	0,7	0,7	1,3	1,3	0,1
Xapón	0,0	-0,8	2,3	-2,9	1,7
Zona Euro	-0,7	0,2	0,4	0,5	0,6
Taxa de desemprego					
Economías avanzadas	8,0	7,9	7,3	6,7	6,3
EE.UU.	8,1	7,4	6,2	5,3	4,9
Xapón	4,3	4,0	3,6	3,4	3,3
Zona Euro	11,4	12,0	11,6	10,9	10,3
Alemaña	5,4	5,2	5,0	4,6	4,6
Francia	9,8	10,3	10,3	10,4	10,1
Italia	10,7	12,1	12,6	11,9	11,4
España	24,8	26,1	24,5	22,1	19,7

(1) medida coma o cociente entre a remuneración por hora e o custo unitario da man de obra

(consulta: 13-04-2016)

Fonte: Fondo Monetario Internacional, *World economic outlook*

1.1.1.b.


o descenso dos fluxos de capital. Entre os factores non económicos atópanse as tensións xeopolíticas ou os desacordos políticos.

As taxas de crecemento mantéñense por riba do 3% nos últimos catro anos, se ben estas cifras globais agochan fortes diverxencias entre as grandes economías (EEUU-UE), así como unha paulatina ralentización no crecemento das economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento consideradas no seu conxunto.

As economías avanzadas mostran no ano 2015 un incremento do 1,9%, unha décima máis que no ano anterior, fundamentado no dinamismo da actividade produtiva dos EEUU, na mellora das taxas positivas de crecemento do PIB na zona euro e na recuperación da economía xaponesa. Como reflicte o **cadro 1.1.1.**, a demanda interna constitúe o motor de crecemento das economías avanzadas, cunha achega de 2,1 puntos, influenciado tanto por unha medra do investimento de 2,5%, como do gasto en consumo privado (2,2%) e en menor medida tamén do consumo público (1,2%).

Estados Unidos mantén o crecemento do PIB real rexistrado no ano anterior, que se situou no 2,4%, impulsado pola demanda interna, onde o consumo privado medra un 3,1%, favorecido pola mellora dos datos de emprego, nomeadamente o forte incremento da ocupación e a redución da taxa de desemprego (5,3% en 2015). Xunto a este incremento do consumo privado cómpre resaltar que o gasto público, tras catro anos de contracción, volve a presentar taxas positivas de crecemento. Por contra, a debilidade da demanda externa tradúcese en que

Prezo do barril de Brent 2008-2014



Fonte: US Energy Information Administration

1.1.2.

o sector exterior detrae seis décimas ao crecemento agregado do PIB.


A diferenza do acontecido na economía dos EE.UU, a demanda externa é o motor do crecemento da actividade produtiva de **Xapón**, que medra en 2015 un 0,5%. A demanda interna mantívose en taxas próximas a cero, consecuencia dunha forte caída do gasto en consumo privado (–1,3%) e dunha redución do 0,1% no caso do investimento (medra un 1,3% no ano anterior). Por contra, o consumo público medra un 1,1%, un punto porcentual por riba do estimado no ano anterior.

O crecemento das economías de mercados **emerxentes** e en desenvolvemento no seu conxunto mantén a moderación dos últimos anos, acadando unha medra do 4,0% no ano 2015, seis décimas menos que no ano anterior. Dunha banda, os mercados emerxentes da rexión de Asia e Pacífico seguen sendo os de maior crecemento a escala mundial cun 6,6%, fronte ao 6,8% rexistrado no ano 2014. Nesta evolución incide principalmente o comportamento de China, que continúa coa súa forte desaceleración iniciada en 2010 que fai que o seu PIB medre por baixo do 7% (en 2010 a taxa de crecemento era do 10,9%). Finalmente, a economía da India afianza o seu dinamismo, cun incremento do PIB que por primeira vez nos últimos anos supera ao de China. Por outra banda, entre os países emerxentes europeos cómpre salientar a recesión da economía rusa, que presenta unha contracción do 3,5% influenciado en grande medida pola caída dos prezos de petróleo.

Nos países de América Latina e Caribe, a desaceleración dos últimos catro anos deu paso a unha contracción económica do –0,1%, arrastrada pola forte caída do PIB da economía de Brasil, cunha redución do 3,8% en relación ao ano anterior, e en menor medida polo impacto do descenso da actividade en Venezuela (–5,7%). A súa economía vese lastrada pola evolución dos mercados internacionais de materias primas e polos efectos da redución dos prezos do petróleo nos países exportadores.

A **zona euro** presenta no ano 2015 un cre-

Tipo de cambio do euro 2005-14



Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

1.1.3.

cemento do 1,6%, sete décimas máis que no ano anterior, impulsado pola demanda interna, cunha achega de 1,8 puntos ao crecemento agregado do PIB. A demanda externa detrae dúas décimas ao devandito incremento a pesar do efecto favorable dos baixos prezos enerxéticos, dunha modesta expansión fiscal e as condicións de apoio financeiro. Segundo sinala o informe de abril do FMI, prevese que se manteña a debilidade do crecemento potencial do PIB como resultado dunha elevada débeda pública e privada, altas taxas de desemprego de longa duración, factores demográficos ou o lento incremento da produtividade.

Entre as principais economías da zona euro, salienta o crecemento da economía española, cun 3,2% respecto ao ano anterior, superando a Alemaña, que presenta unha lixeira desaceleración no seu PIB real (1,5% en 2015), Francia, cunha medra do 1,1% (0,2% no ano anterior) ou Italia, que retoma as taxas de crecemento positivas, cun 0,8% (–0,3% en 2014).

Entre os países europeos que non forman parte do euro cómpre resaltar, dunha banda, o crecemento do 2,2% do PIB do Reino Unido, impulsado pola achega da demanda interna (2,7 puntos), onde salienta tanto o crecemento do investimento, cun 4,2% en relación ao ano anterior, como do consumo privado (2,9%) apoiado por baixos prezos enerxéticos e un boiante mercado inmobiliario. Doutra banda, Suecia rexistra un forte dinamismo ao rexistrar unha taxa de variación interanual do 4,1%, estando esta medra sostida, entre outros factores, por unha política monetaria expansiva e un aumento do investimento residencial en resposta ao incremento de prezos da vivenda.

Tal e como se aprecia no devandito **cadro 1.1.1.**, no ano 2015 acentúase o problema das baixas taxas de inflación, rexistrándose no conxunto das economías avanzadas un nivel de IPC medio anual do 0,3%, máis dun punto inferior ao do ano anterior. Nos países da zona euro os prezos permanecen constantes, sendo a medra do 0,1% en Alemaña, Francia e Italia, a diferenza do que acontece en España onde os prezos experimentan un novo descenso, que se sitúa en 2015 no –0,5%.

O nivel xeral de inflación diminúe nas economías avanzadas como consecuencia fun-


Indicadores macroeconómicos dos Estados membros da UE 2012-15 e previsións para 2016

	PIB					Inflación media (1)					Desemprego					Déficit Público (2)				
	2012	2013	2014	2015	2016	2012	2013	2014	2015	2016	2012	2013	2014	2015	2016	2012	2013	2014	2015	2016
	(taxa de variación anual)										(%)					(taxa de variación anual)				
Bélxica	0,1	0,3	1,0	1,3	1,3	2,6	1,2	0,5	1,4	1,7	7,6	8,4	8,5	8,3	8,0	-4,1	-2,9	-3,0	-2,9	-2,8
Bulgaria	0,5	1,1	1,7	2,2	1,5	2,4	0,4	-1,6	-1,1	-0,1	12,3	13,0	11,6	10,1	9,4	-0,5	-1,2	-3,6	-2,5	-2,3
Rep. Checa	-0,8	-0,7	2,0	4,5	2,3	3,5	1,4	0,4	0,3	0,4	7,0	7,0	6,1	5,1	4,8	-4,0	-1,3	-1,4	-1,6	-1,1
Dinamarca	-0,7	-0,5	1,0	1,2	1,7	2,4	0,5	0,3	0,2	0,9	7,5	7,0	6,6	6,0	5,8	-3,9	-0,7	-1,0	-2,0	-2,7
Alemaña	0,4	0,1	1,6	1,7	1,8	2,1	1,6	0,8	0,1	0,5	5,4	5,2	5,0	4,8	4,9	0,1	0,1	0,2	0,5	0,1
Estonia	4,7	1,6	2,1	0,9	2,1	4,2	3,2	0,5	0,1	1,0	10,0	8,6	7,4	6,3	6,3	-0,3	-0,5	-0,4	0,3	0,0
Irlanda	-0,3	0,2	4,8	6,9	4,5	1,9	0,5	0,3	0,0	0,6	14,7	13,1	11,3	9,4	8,5	-8,0	-5,7	-3,7	-1,8	-1,3
Grecia	-6,6	-3,9	0,8	0,0	-0,7	1,0	-0,9	-1,4	-1,1	0,5	24,5	27,5	26,5	25,1	24,0	-8,6	-12,2	-1,6	-7,6	-3,4
España	-2,1	-1,2	1,4	3,2	2,8	2,4	1,5	-0,2	-0,6	0,1	24,8	26,1	24,5	22,3	20,4	-10,3	-6,8	-5,6	-4,8	-3,6
Francia	0,3	0,3	0,4	1,1	1,3	2,2	1,0	0,6	0,1	0,6	9,8	10,3	10,2	10,5	10,5	-4,9	-4,1	-4,4	-3,7	-3,4
Croacia	-2,2	-0,9	-0,4	1,8	2,1	3,4	2,3	0,2	-0,3	0,3	16,0	17,3	17,0	16,2	15,1	-5,6	-5,2	-5,6	-4,2	-3,9
Italia	-2,8	-1,7	-0,4	0,8	1,4	3,3	1,3	0,2	0,1	0,3	10,7	12,1	12,7	11,9	11,4	-3,0	-2,8	-3,0	-2,6	-2,5
Chipre	-2,4	-5,4	-2,3	1,4	1,5	3,1	0,4	-0,3	-1,6	0,2	11,9	15,9	16,1	15,5	14,5	-5,8	-4,9	-3,0	-1,0	0,1
Letonia	4,8	4,2	2,4	2,7	3,1	2,3	0,0	0,7	0,2	0,4	15,0	11,9	10,8	9,9	9,2	-0,8	-0,9	-1,1	-1,3	-1,0
Lituania	3,8	3,3	2,9	1,6	2,9	3,2	1,2	0,2	-0,7	-0,1	13,4	11,8	10,7	9,0	8,0	-3,2	-2,6	-1,2	-0,9	-1,2
Luxemburgo	-0,2	2,0	0,0	4,7	3,8	2,9	1,7	0,7	0,1	0,4	5,1	5,9	6,0	6,1	6,0	0,1	0,6	0,2	0,2	0,5
Hungría	-1,5	1,5	3,6	2,7	2,1	5,7	1,7	0,0	0,1	1,7	11,0	10,2	7,7	6,7	6,0	-2,3	-2,4	-2,9	-2,1	-2,0
Malta	2,5	2,7	3,5	4,9	3,9	3,2	1,0	0,8	1,2	1,7	6,3	6,4	5,9	5,4	5,4	-3,7	-2,7	-2,5	-1,6	-1,1
Países Baixos	-1,6	-0,7	0,8	2,0	2,1	2,8	2,6	0,3	0,2	0,9	5,3	7,3	7,4	6,9	6,6	-4,0	-2,3	-2,5	-2,2	-1,8
Austria	0,9	0,2	0,3	0,7	1,7	2,6	2,1	1,5	0,8	0,9	4,3	5,4	0,0	6,0	6,2	-2,3	-1,5	-2,9	-1,6	-1,7
Polonia	1,8	1,7	3,3	3,5	3,5	3,7	0,8	0,1	-0,7	0,6	10,1	10,3	9,0	7,5	7,0	-3,7	-4,0	-3,4	-3,0	-2,8
Portugal	-3,3	-1,4	0,9	1,5	1,6	2,8	0,4	-0,2	0,5	0,7	15,8	16,4	14,1	12,6	11,7	-5,5	-4,9	-4,9	-4,2	-3,4
Rumanía	0,6	3,4	2,9	3,6	4,2	3,4	3,2	1,4	-0,4	-0,2	6,8	7,1	6,8	6,7	6,6	-3,0	-2,2	-2,1	-1,1	-3,0
Eslovenia	-2,6	-1,0	2,6	2,5	1,8	2,8	1,9	0,4	-0,8	-0,3	8,9	10,1	9,8	9,1	8,8	-3,7	-14,6	-4,4	-2,9	-2,4
Eslovaquia	1,6	1,4	2,4	3,5	3,2	3,7	1,5	-0,1	-0,3	0,3	14,0	14,2	13,2	11,5	10,3	-4,2	-2,6	-3,0	-2,7	-2,1
Finlandia	-1,4	-1,3	-0,1	0,0	0,5	3,2	2,2	1,2	-0,2	0,1	7,7	8,2	8,7	9,5	9,4	-2,1	-2,4	-2,9	-3,2	-2,8
Suecia	-0,3	1,3	2,1	3,6	3,2	0,9	0,4	0,2	0,7	1,1	8,0	8,0	7,9	7,4	6,9	-0,9	-1,3	-2,4	-1,0	-1,1
Reino Unido	0,7	1,7	2,6	2,3	2,1	2,8	2,6	1,5	0,0	0,8	7,9	7,6	6,1	5,2	5,0	-8,3	-5,8	-5,4	-4,4	-3,1
Zona Euro	-0,8	-0,5	0,9	1,6	1,7	2,5	1,4	0,4	0,0	0,5	11,3	12,0	11,6	11,0	10,5	-3,6	-2,9	-2,4	-2,2	-1,9
UE-28	-0,5	0,0	1,3	1,9	1,9	2,6	1,5	0,6	0,0	0,5	10,5	10,9	10,2	9,5	9,0	-4,2	-3,2	-3,0	-2,5	-2,2

(1) IPC armonizado (2005=100) ou IPC nacional cando o primeiro non está dispoñible
(2) capacidade (+) necesidade (-) de financiamento das AA.PP. en porcentaxe do PIB
Fonte: EUROSTAT e Comisión Europea

1.1.4.

Débeda pública nas economías europeas 2008-14 (1)



(1) débeda pública como porcentaxe do PIB
Fonte: EUROSTAT

1.1.5.

damentalmente da caída do prezo do petróleo e doutras materias primas, situándose no nivel máis baixo dende a crise financeira (0,3%). En países como Brasil, Colombia e Rusia, as depreciacións das súas moedas neutralizaron gran parte do efecto da caída dos prezos das materias primas, o que permitiu a medra da inflación. O **cadro 1.1.2.** mostra a evolución do prezo de entrega do petróleo Brent dende o ano 2008 e reflicte que no mes de decembro de 2015 o seu prezo sitúase por baixo de 40 dólares por barril, máis de 22 euros inferior ao rexistrado a finais do ano anterior e case 76 euros menos que a finais de 2013.

No concernente ás consecuencias da devandita evolución da actividade económica sobre o emprego, o crecemento do PIB real das economías avanzadas reflíctese tamén nunha redución da taxa de desemprego, que se sitúa no 6,7%, seis décimas menor que no ano anterior (7,3% en 2014). Novamente, esta taxa media oculta grandes diferenzas entre países, xa que mentres en Xapón foi do 3,4% e en EEUU do 5,3%, nos países da zona euro sitúase lixeiramente por baixo do 11%. Na UE-28 as taxas de paro máis elevadas seguen a rexistrarse en Grecia e España, cun 25,1% e 22,3% respectivamente, lonxe da media europea do 9,5%, e as máis reducidas en Alemaña, cun 4,8%, e a República Checa, co 5,1%, segundo datos da Comisión Europea (**cadro 1.1.4.**).

Panorama económico de España

A evolución das variables macroeconómicas correspondentes ao ano 2015 reflicte a confirmación da recuperación da actividade produtiva, se ben esta aínda non está totalmente consolidada. Neste senso, o Plan Nacional de Reformas do Reino de España (PNR) correspondente ao ano 2015, o último dunha estratexia a catro anos, ten dúas prioridades que se reforzan mutuamente: concluír as reformas iniciadas e favorecer a recuperación económica e a creación de emprego. Como novidade, neste último Plan incorpórase un apartado relativo á necesidade de impulsar reformas a nivel da UE, coas prioridades e iniciativas de España nese ámbito. As medidas recollidas neste último PNR, e que sentan as bases para o cumprimento dos obxectivos da Estratexia Europa 2020, agrúpanse en tres áreas prioritarias: reformas estruturais a nivel da Unión Europea, reformas estruturais a nivel estatal e responsabilidade fiscal. A modo de síntese, as principais medidas e eixos de actuación están recollidas no **cadro 1.1.6.**

O produto interior bruto (PIB) xerado pola economía española no último ano experimentou un crecemento interanual do 3,2%, cando en 2014 o fixo nun 1,4%. A pesar deste importante incremento, as taxas de variación intertrimestrais amosan unha ralentización no segundo semestre do ano, con taxas intertrimestrais do 0,8% tanto no terceiro como no cuarto trimestre.

A demanda interna segue a ser o principal motor de crecemento, cunha achega ao crecemento agregado do PIB de 3,7 puntos, fronte á contribución de 1,6 puntos no ano anterior. Pola contra, a contribución negativa ao crecemento do PIB por parte da demanda exterior é negativa aumenta en 2015, ano en que detrae en 0,5 puntos.

No que respecta aos compoñentes da demanda interna, tanto o consumo final como a formación bruta de capital fixo rexistraron taxas de variación positivas. Dende un punto de vista sectorial, cómpre indicar que o investimento no sector de bens de equipamento foi o compoñente que mostrou un maior dinamismo, cunha medra superior ao 10%.

No concernente ao gasto en consumo final, salienta o maior impulso do gasto en consumo final dos fogares así como o incremento do consumo das Administracións

Plan Nacional de Reformas de España 2015: áreas prioritarias e eixos de actuación

Áreas prioritarias	Eixos de actuación
Reformas estruturais a nivel da UE.	1. Arquitectura da Unión Económica e Monetaria. 2. Mercado interior. 3. Fiscalidade. 4. Investimento.
Reformas estruturais a nivel estatal.	
A. Mellora no funcionamento do mercado de traballo e medidas de loita contra o desemprego.	1. Mercado de traballo 2. Políticas activas de emprego e mellora de capital humano
B. Protección e inclusión social.	
C. Fomento do crecemento e a competitividade. Mercados.	1. Aumentar a flexibilidade da economía. Lei desindexación 2. Unidade de mercado: Plan de racionalización normativa. 3. Apoio ao emprendemento. 4. Segunda oportunidade. 5. Funcionamento competitivo dos mercados. 6. Medio ambiente e cambio climático.
D. Investimento e crédito.	1. Investimento. 2. Crédito.
E. Eficiencia da Admón. Pública.	1. Simplificación administrativa e transparencia. 2. Administración xudicial.
Responsabilidade fiscal.	1. Responsabilidade orzamentaria. 2. Reforma fiscal. 3. Loita contra o fraude.


1.1.6.

Públicas, con taxas positivas do 3,1% e do 2,7%, respectivamente. Os datos trimestrais amosan como o gasto en consumo final mantén a súa paulatina medra a medida que avanza o ano, rematando o ano 2015 cunha taxa de crecemento do 3,5% no último trimestre. Cómpre destacar a evolución seguida polo consumo privado, que no cuarto trimestre presenta unha medra do 3,4%, así como do consumo público, co 3,7%.

A formación bruta de capital fixo (FBCF) no conxunto do ano rexistrou un incremento do 6,4%, case tres puntos máis que no ano anterior. Como indican os datos recollidos no **cadro 1.1.8.**, esta recuperación explícase en boa medida pola evolución da FBCF en bens de equipo e activos cultivados (10,1%), sendo do 5,3% no caso da FBCF na construción. No que se refire aos produtos da propiedade intelectual cabe mencionar a súa ralentización do crecemento en 2015, que se sitúa no 1,8%, catro décimas menos que no ano anterior.

Tanto as exportacións como, en maior media, as importacións de bens e servizos presentan un crecemento medio interanual de 5,4% e 7,5%, respectivamente. Os datos trimestrais amosan un aporte negativo da demanda exterior ao crecemento do PIB ao longo de todo o 2015, sendo esta achega moito máis acusada no segundo semestre do ano. As exportacións de bens e servizos presentan un crecemento do 5,4%, tres décimas superior ao do ano anterior, sendo esta porcentaxe do 6,7% no caso das exportacións de servizos (6,4% no ano 2014) e do 4,9% no dos bens (4,5% no ano anterior). Do mesmo xeito, as taxas de variación interanual das importacións, tanto de bens como de servizos, aceleran o seu crece-

PIB en Galicia e España 2008-15 (1): evolución



(1) PIBpm, índices de volume encadenados; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 02-03-2015)
Fonte: INE, *Contabilidad regional de España. Base 2010* e IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2008*

1.1.7.

mento no ano 2015, acadando taxas de variación superiores ao 8% no caso das importacións de servizos, e do 7,4% no das compras de bens.

A análise do cadro macroeconómico de España dende o lado da oferta amosa que todos os sectores produtivos presentan taxas de crecemento interanuais positivas. A construción, tras a forte contracción experimentada como consecuencia da crise económica, sitúase novamente como o sector de maior dinamismo, cunha medra de 5,2% respecto ao ano anterior (–2% en 2014). Como se aprecia no devandito **cadro 1.1.8.**, a medida que avanza o ano o sector

PIB en España 2014-15: distribución segundo as súas compoñentes (1)

	2014	2015	2014				2015			
			I	II	III	IV	I	II	III	IV
			(taxas de variación interanual)							
Gasto en consumo final	0,9	3,0	0,2	0,9	1,1	1,2	2,3	2,8	3,4	3,5
Gasto en consumo final dos fogares	1,2	3,1	0,3	1,1	1,5	1,8	2,6	2,9	3,6	3,5
Gasto en consumo final das ISFLSH	1,3	1,0	2,1	1,8	0,5	0,8	0,7	0,2	1,6	1,4
Gasto en consumo final das AA.PP.	-0,0	2,7	-0,0	0,2	0,2	-0,5	1,5	2,5	3,0	3,7
Formación bruta de capital	4,8	7,0	3,0	5,6	4,8	5,7	6,6	6,5	7,6	7,0
Formación bruta de capital fixo	3,5	6,4	1,4	4,3	3,4	4,9	6,1	6,3	6,7	6,4
Activos fixos materiais	3,7	7,2	1,0	4,7	3,6	5,6	7,0	7,1	7,6	7,1
Construcción	-0,1	5,3	-6,5	0,8	1,3	4,1	6,2	5,2	5,2	4,6
Bens de equipo	10,7	10,1	15,7	11,7	7,4	8,1	8,3	10,1	11,2	10,9
Productos da propiedade intelectual	2,2	1,8	3,9	1,8	2,2	0,7	1,0	1,9	1,7	2,8
Variación de existencias (2)	0,2	0,1	0,2	0,3	0,3	0,1	0,1	0,0	0,2	0,2
Demanda interna (2)	1,6	3,7	0,7	1,8	1,8	2,0	3,1	3,4	4,1	4,1
Exportacións de bens e servizos	5,1	5,4	4,6	2,8	6,4	6,5	5,8	6,0	4,5	5,3
Exportacións de bens	4,5	4,9	3,4	2,5	6,0	6,2	5,4	5,6	4,2	4,4
Exportacións de servizos	6,4	6,7	7,5	3,8	7,2	7,1	6,7	7,2	5,3	7,5
Importacións de bens e servizos	6,4	7,5	6,2	5,2	7,3	6,8	7,6	7,4	7,2	7,7
Importacións de bens	6,7	7,4	6,6	5,2	7,4	7,6	7,8	7,6	7,5	6,6
Importacións de servizos	4,5	8,1	4,2	4,7	6,9	2,2	6,6	6,2	6,0	13,5
PIB a prezos de mercado	1,4	3,2	0,4	1,2	1,7	2,1	2,7	3,2	3,4	3,5
Agricultura, gandeiría, silvicultura e pesca	-3,6	2,0	3,2	-6,0	-2,9	-8,7	-4,0	2,0	3,7	6,2
Industria	1,2	3,4	-0,8	1,5	1,5	2,5	3,0	3,6	3,8	3,4
Industria manufactureira	2,2	3,7	1,6	2,4	2,2	2,6	2,8	3,8	4,3	4,1
Construción	-2,0	5,2	-7,3	-3,9	0,2	3,1	5,9	5,8	5,1	4,0
Servizos	1,9	3,1	1,3	1,8	2,1	2,5	2,7	3,0	3,3	3,4
Impostos netos sobre os produtos	0,8	2,8	-0,4	0,8	1,3	1,7	2,3	2,6	2,7	3,6

(1) PIBpm, índices de volume encadenados; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 07-03-2016)
(2) aportación ao crecemento do PIB a prezos de mercado
Fonte: INE, *Contabilidad trimestral nacional de España. Base 2010*

1.1.8.

rexistra unha ralentización no seu crecemento, acadando unha taxa de variación interanual de case o 6% no primeiro trimestre e do 4% no cuarto.

Séguenlle en importancia a industria e os servizos, con incrementos significativamente máis importantes que no ano anterior (3,4% e 3,1%, respectivamente). No primeiro caso destaca o comportamento da industria manufactureira, cunha medra do 3,7%, mentres que entre as ramas terciarias, salienta o subsector de actividades profesionais, cun crecemento do 5,8%, por diante do comercio, transporte e hostalería, cun 4,8%, e as ramas de servizos de información e comunicacións, cun 4,7%.

As ramas primarias, tras a forte contracción da súa actividade en 2014, rexistran unha taxa de variación positiva do 2% no seu valor engadido impulsada polo incremento experimentado no segundo semestre do ano.

Asemade, cómpre salientar que os datos correspondentes ao índice de competitividade da economía española en termos de prezos ao consumo, industriais e de custos laborais unitarios reflicten que no ano 2015 España continúa coa súa mellora tanto fronte á zona euro como á UE-28 e aos países industrializados de Asia (**cadro 1.1.9.**).

Tendo en conta a evolución do emprego e da actividade económica, a produtividade aparente por traballador permanece case constante, rexistrando un aumento só do 0,2%.

Índices de competitividade de España 2009-15 (1)

	Fronte á zona euro			Fronte á UE-28			Fronte a novos países industrializados de Asia (2)	
	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con custos laborais unitarios	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con custos laborais unitarios	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais
				(base 1999 =100)				
2009	109,3	108,0	114,6	110,4	109,2	114,6	121,3	114,5
2010	110,0	108,7	113,4	110,0	109,0	112,2	111,0	103,7
2011	110,4	109,8	111,7	110,2	110,0	110,6	110,1	106,9
2012	110,3	110,5	106,2	109,6	110,1	104,6	100,2	99,6
2013	110,5	110,7	104,6	110,2	110,7	103,6	101,2	100,7
2014	109,8	110,4	102,5	109,2	110,1	101,6	99,2	98,8
2015	108,9	111,2	102,3	107,4	110,0	100,4	84,0	84,4

(1) a caída no índice reflicte melloras na competitividade
(2) China, Corea do Sur, Filipinas, Hong-Kong, India, Indonesia, Malaisia, Singapur, Taiwán e Tailandia.
Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

1.1.9.

Distribución funcional da renda en España 2014-15

	2014	2015	2014 trimestres				2015 trimestres			
			I	II	III	IV	I	II	III	IV
			(taxas de variación interanual)							
PIB (1)	1,0	3,8	-0,1	0,6	1,5	1,8	3,2	3,7	4,1	4,3
Remuneración dos asalariados	0,9	3,9	-1,1	0,9	1,4	2,3	4,0	3,5	3,8	4,3
Custo laboral unitario (CLU)	-0,8	0,3	-1,7	-0,7	-0,7	-0,2	0,9	0,1	-0,2	0,4
Remuneración por asalariado	-0,6	0,5	-0,6	-0,5	-0,7	-0,5	0,7	0,3	0,1	0,9
Productividade por traballador	0,3	0,2	1,2	0,2	0,0	-0,3	-0,2	0,3	0,3	0,5
Taxa de asalarización	0,4	0,3	0,2	0,5	0,3	0,4	0,3	0,2	0,5	0,3
Excedente bruto de explotac. / Renda mixta bruta	0,4	3,1	-0,2	0,4	0,7	0,7	2,5	2,5	3,8	3,5
Impostos netos produción e importacións	4,0	6,9	5,6	0,2	5,7	4,6	3,2	10,3	7,0	7,3

(1) PIBpm, prezos correntes; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 07-03-2016)
Fonte: INE, *Contabilidad trimestral nacional de España. Base 2010*

1.1.10.

Segundo os datos da Contabilidade trimestral do INE, a remuneración por asalariado experimentou en España un incremento do 0,5% en relación ao ano anterior, en tanto que os custos laborais unitarios o fixeron nun 0,3% pese ao aumento na remuneración de asalariados do 3,9%.

O excedente bruto de explotación e a renda mixta, valor que indica o pago aos factores produtivos salvo os salarios aos traballadores, presenta no ano 2015 un incremento medio anual do 3,1%, case oito veces superior ao rexistrado no ano anterior (0,4%). Asemade, os impostos netos sobre a produción e as importacións increméntanse case un 7% fronte ao 4% experimentado en 2014.

O crecemento da actividade económica reflíctese no aumento da creación de emprego a unha taxa interanual do 3%, reducíndose o paro estimado e rexistrado no 9,9% e 8%, respectivamente. En 2015 o número de empresas inscritas no réxime xeral da Seguridade Social aumenta un 2,5% respecto ás inscritas no ano anterior, sendo esta porcentaxe do 0,5% no caso do número de sociedades mercantís constituídas nese ano.

O número de persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade Social en España aumenta no último ano un 3,2% (533.186 persoas máis en relación ao ano anterior) e a poboación ocupada estimada pola EPA en torno ás 521.800 persoas.

Mercado de traballo en Galicia e España 2014-15

	Galicia		España	
	2014	2015	2014	2015
	(taxas de variación interanual)			
PIB (1)	-0,2	2,3	1,4	3,2
Emprego				
Afiliados en alta na Seguridade Social	0,5	2,1	1,6	3,2
Ocupación	-0,8	1,9	1,2	3,0
Paro estimado	-3,1	-11,7	-7,3	-9,9
Paro rexistrado	-6,9	-9,1	-5,6	-7,5
Regulación do emprego				
Traballadores afectados por expedientes autorizados	-43,9	-48,6	-58,5	-37,0
Desenvolvemento empresarial				
Empresas inscritas Seguridade Social (2)	0,2	0,9	0,8	2,5
Sociedades mercantis creadas (3)	-0,2	-7,1	0,8	0,5

(1) PIBpm (índices de volume encadenados), datos correxidos de efectos estacionais e de calendario, base 2010 (consulta: 28-03-2016); datos 2014 e 2015 son avances
(2) empresas inscritas no Réxime Xeral e no Réxime da Minería e do Carbón
(3) datos 2015 son provisionais
Fonte: IGE, INE e Ministerio de Empleo y Seguridad Social

1.1.11.

O número de persoas desempregadas estimadas pola EPA redúcese en 554.400 mentres que as persoas paradas rexistradas a 31 de decembro de 2015 nas oficinas de emprego descende en 440.700 en relación á mesma data do ano anterior. Malia esta redución no número de desempregados, as taxas de desemprego continúan en niveis moi elevados, superando o 22%, unha taxa que a nivel europeo só está por debaixo da grega.

No ano 2015 volve a descender moi significativamente o número de empresas afectadas por despedimentos colectivos, suspensión de contratos ou reducións de xornadas, pasando de 10.637 expedientes abertos no ano 2014 a 5.675 no último ano (-46,6%), reducíndose un 37% o número de traballadores afectados polos ditos expedientes.

En conclusión, a evidente melloría nos datos macroeconómicos da economía española, reflectida na aceleración do crecemento do PIB e na mellora do mercado laboral en termos globais, reduce pero non elimina os riscos derivados dos desequilibrios que persisten na economía. En concreto, os elevados niveis de débeda interna e externa significan un risco real para o crecemento e a estabilidade financeira, xunto aos aínda elevados niveis de desemprego que persisten no último ano a pesar da redución.

Panorama económico da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ocupa unha superficie de 50.861 quilómetros cadrados e conta cunha poboación de 6.378.851 habitantes, case 12.600 menos que no ano anterior, o que implica unha densidade media de 125,4 habitantes por quilómetro cadrado. En relación á UE-28, a Eurorrexión representa o 1,1% da súa superficie manténdose o peso relativo da súa poboación no 1,3%.

En termos de PIB per cápita (**cadro 1.1.12.**), comparando os datos das dúas rexións no ano 2014 (último dato dispoñible), este indicador de converxencia acada en Galicia de case o 80% da media UE-28=100, máis de quince puntos superior ao valor rexistrado na rexión Norte de Portugal.

No concernente ao emprego, a poboación activa en Galicia é de 1.274.000 persoas no ano 2014 e é de case 1.835.000 persoas a

Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal: principais indicadores

			Eurorrexión	Galicia	Rexión Norte	UE-28
Superficie	*(en Km²)*		50.860,7	29.574,8	21.285,9	4.439.549,0
Poboación						
Poboación de dereito	*(miles de persoas)*	*01/01/15*	6.378.851	2.734.656	3.644.195	508.450.856
Densidade de poboación	*(habs. / km²)*	*01/01/15*	125,4	92,5	171,2	114,5
Mercado de traballo						
Poboación ocupada						
Sector primario			7,9	6,6	8,8	4,7
Industria	*(%)*	*2014*	21,8	15,4	25,8	17,3
Construción			6,9	6,7	7,1	6,8
Servizos			63,4	71,2	58,3	71,2
Desemprego						
Total			17,6	21,7	14,8	10,4
Longo prazo (1)	*(%)*	*2014*	11,4	11,6	10,4	5,7
Feminino			18,4	21,7	16,1	10,5
Mozos (menores de 25 anos)			39,8	48,5	35,7	22,2
Produto interior bruto						
		2014	124.772	60.160	64.612	13.959.739
PIBpm	*(millóns de €)*	*2013*	121.602	59.058	62.544	13.550.560
		2012	121.269	59.092	62.177	13.433.175
		2014	70,9	79,5	64,4	100
PIB per cápita	*(%, UE-28=100)*	*2013*	70,7	80,0	63,8	100
		2012	70,7	80,2	63,5	100

(1) porcentaxe de desempregados de longa duración (12 meses ou máis) entre a poboación activa
Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de EUROSTAT

1.1.12.

poboación activa residente na rexión norte de Portugal. A taxa de actividade das dúas zonas é do 53,8% e do 58,9%, respectivamente.

A ocupación no ano 2014 na eurorrexión ascendeu a 2,56 millóns de persoas (o 40% da poboación total), dos que o 63,4% dos traballadores estaban ocupados nas ramas de actividade do sector servizos. O conxunto das ramas industriais abrangue o 21,5% das persoas traballadoras, mentres que o sector primario e a construción acollen o 7,9% e o 6,9%, respectivamente.

Con todo, cómpre salientar a distinta importancia relativa dos sectores económicos en Galicia e o Norte de Portugal en termos de poboación ocupada. Mentres que Galicia rexistra unha maior importancia relativa da ocupación no sector servizos, acollendo o 71,2% das persoas ocupadas fronte ao 58,3% no norte de Portugal, nesta última rexión o peso relativo da poboación ocupada no sector industrial é case dez puntos superior ao rexistrado en Galicia: o 25,8% e o 15,4%, respectivamente. No caso do sector primario, a ocupación nestas actividades representa o 6,6% da ocupación total en Galicia fronte ao 8,8% no norte de Portugal.

No ano 2014 Galicia reduce a súa taxa de paro, mantendo, sen embargo, unha rateo superior tanto á media europea como á rexistrada no Norte de Portugal. A taxa de paro en 2014 acada en Galicia o 21,7%, fronte ao 14,8% na rexión portuguesa. O desemprego dos menores de 25 anos resulta especialmente preocupante en Galicia, onde a taxa de paro rexistra o 48,5%, fronte ao 35,7% no norte de Portugal e o 39,8% na eurorrexión. ❑